

ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL A CORUÑA

Convocatoria de subvenciones y ayudas públicas

Extracto de la Resolución de 8 de febrero de 2024 de la concejala titular del Área de Bienestar Social, por delegación de la Junta de Gobierno Local (BOP nº 131 do 11/07/2023), por la que se aprueban las bases del programa Idiomas do Mundo 2024

BDNS (Identif.): 744536

De conformidad con lo previsto en los artículos 17.3.b y 20.8.a de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones, se publica el extracto de la convocatoria cuyo texto completo puede consultarse en la Base de Datos Nacional de Subvenciones (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/744536>)

Primero.- Personas beneficiarias

Podrá ser adjudicatario de la beca el alumnado matriculado en un centro educativo del Ayuntamiento de A Coruña que cumpla los siguientes requisitos:

- Estar en posesión del documento nacional de identidad o número de identidad de extranjero.
- Residir y estar empadronado con su padre, madre o representante legal, en su caso, en el municipio de A Coruña en el momento de la publicación del extracto de esta convocatoria en el Boletín Oficial da Provincia (BOP).
- Estar matriculado y cursar 1º de Bachillerato en un centro escolar de la ciudad de A Coruña en el curso 2023-2024.
- Contar en el curso de 4º de la ESO con una calificación media de 7 o más y no tener ninguna materia suspensa.
- Contar en curso de 4º de la ESO con calificación de 7 o más en la materia de inglés.
- No estar inmerso en las prohibiciones recogidas en la Ley 9/2007, de 13 de junio, de subvenciones de Galicia. Este requisito, que incluye no tener deudas con el Ayuntamiento de A Coruña, será comprobado solo en el caso de resultar seleccionado, pudiendo dar lugar a que un solicitante inicialmente admitido pase a estar excluido por no cumplir este requisito en la fecha de finalización del plazo de presentación de solicitudes.

Segundo.- Objeto

El objeto de estas bases es convocar ayudas, en régimen de concurrencia competitiva, para realizar una estancia de cuatro semanas en Irlanda para mejorar las competencias lingüísticas de aquel alumnado matriculado en un centro educativo durante el curso 2023-2024 en 1º de Bachillerato. A estos efectos, se convocan un mínimo de 30 becas destinadas al fin señalado.

Tercero.- Bases reguladoras

Ordenanza General de Subvenciones del Área de Bienestar del Ayuntamiento de A Coruña, aprobada por el Pleno del Ayuntamiento de A Coruña el día 11 de abril de 2005. (B.O.P. de A Coruña número 92, de 25/04/2005).

Cuarto.- Cuantía

El precio de cada plaza es de 4.988 €.

La participación en el programa no implica la total gratuidad para el alumnado beneficiario, por lo que las familias en función de su renta per cápita, aportarán las cantidades que les correspondan según las cuantías y porcentajes señalados en la tabla recogida en las bases del programa, estableciendo dos tipos de beca:

- a) Beca total. Serán beneficiarias de beca total las personas seleccionadas que obtengan una puntuación en relación a la situación económica de la unidad familiar nuclear comprendida entre 5 y 10 puntos (ambos inclusive).
- b) Beca parcial. El Ayuntamiento asumirá un máximo del 70% y un mínimo del 5% del coste total de las plazas del alumnado seleccionado que obtenga una puntuación en relación a la situación económica de la unidad familiar nuclear

comprendida entre 0 y 4 puntos. Las familias del alumnado beneficiario de beca parcial asumirán un mínimo del 5% y un máximo del 30% del precio de la plaza.

Quinto.- Plazo de presentación de solicitudes

El plazo de presentación de las solicitudes y documentación complementaria correspondiente, será de 10 días hábiles a contar desde el día siguiente de la publicación del extracto de la convocatoria en el Boletín Oficial de la Provincia de A Coruña.

Sexto.- Otros datos

El programa oferta un mínimo de 30 becas que podrá verse incrementado en función de la oferta del adjudicatario del contrato.

La concesión de la beca quedará condicionada a las siguientes circunstancias:

- Adjudicación y formalización de un contrato de gestión con empresa especializada.
- A las restricciones o requisitos exigidos por el país de acogida que impidan o dificulten su desarrollo.
- A la existencia de familia de acogida o residencia de estudiantes y centro educativo que permita su admisión en condiciones de igualdad.

La adquisición de los derechos obtenidos por los beneficiarios de las becas queda condicionado a lo señalado en este apartado y en lo recogido en las bases de la convocatoria, sin que en ningún caso proceda indemnización de ningún tipo por parte del ayuntamiento.

A Coruña

8/2/2024

La concejal titular del Área de Bienestar Social, Eudoxia María Neira Fernández

Extracto da Resolución do 8 de febreiro de 2024 da concelleira titular da área de Benestar Social, por delegación da Xunta de Goberno Local (BOP nº 131 do 11/07/2023), pola que se aproban as bases do programa Idiomas do Mundo 2024.

BDNS (Identif.): 744536

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publíquese o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/744536>)

Primeiro.- Persoas beneficiarias

Poderá ser adjudicatario da bolsa o alumnado matriculado nun centro educativo do Concello da Coruña que cumpra os seguintes requisitos:

- Estar en posesión do documento nacional de identidade ou número de identidade de estranxeiro.
- Residir e estar empadroadado co seu pai, nai ou representante legal, no seu caso, no municipio da Coruña no momento da publicación do extracto desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia (BOP).
- Estar matriculado e cursar 1º de Bacharelato nun centro escolar da cidade da Coruña no curso 2023-2024.
- Contar no curso de 4º da ESO cunha cualificación media de 7 ou máis e non ter ningunha materia suspensa.
- Contar en curso de 4º da ESO con cualificación de 7 ou máis na materia de inglés.
- Non estar incurso nas prohibicións recollidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Este requisito, que inclúe non ter débedas co Concello da Coruña, será comprobado só no caso de resultar seleccionado, podendo dar lugar a que un solicitante inicialmente admitido pase a estar excluído por non cumprir este requisito na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

Segundo.- Obxecto

O obxecto destas bases é convocar axudas, en réxime de concorrencia competitiva, para realizar unha estancia de catro semanas en Irlanda para mellorar as competencias lingüísticas daquel alumnado matriculado nun centro educativo

durante o curso 2023-2024 en 1º de Bacharelato. Para estes efectos, convócanse un mínimo de 30 bolsas destinadas ao fin sinalado.

Terceiro.- Bases reguladoras

Ordenanza Xeral de Subvencións da área de Benestar do Concello da Coruña, aprobada polo Pleno do Concello da Coruña o día 11 de abril de 2005. (B.O.P da Coruña número 92, de 25/04/2005).

Cuarto.- Contía

O prezo de cada praza é de 4.988 €.

A participación no programa non implica a total gratuidade para o alumnado beneficiario, polo que as familias en función da súa renda per cápita, achegarán as cantidades que lles correspondan segundo as contías e porcentaxes sinalados na táboa recollida nas bases do programa, establecendo dous tipos de bolsas:

a) Bolsa total. Serán beneficiarias de bolsa total as persoas seleccionadas que obteñan unha puntuación en relación á situación económica da unidade familiar nuclear comprendida entre 5 e 10 puntos (ambos inclusive).

b) Bolsa parcial. O Concello asumirá un máximo do 70% e un mínimo do 5% do custo total das prazas do alumnado seleccionado que obteña unha puntuación en relación á situación económica da unidade familiar nuclear comprendida entre 0 e 4 puntos. As familias do alumnado beneficiario de bolsa parcial asumirán un mínimo do 5% e un máximo do 30% do prezo da praza.

Quinto.- Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de presentación das solicitudes e documentación complementaria correspondente, será de 10 días hábiles a contar desde o día seguinte da publicación do extracto da convocatoria no Boletín oficial da provincia da Coruña.

Sexto.- Outros datos

O programa oferta un mínimo de 30 bolsas que poderá verse incrementado en función da oferta do adxudicatario do contrato.

A concesión da bolsa quedará condicionada ás seguintes circunstancias:

- Adxudicación e formalización dun contrato de xestión con empresa especializada.
- Ás restricións ou requisitos esixidos polo país de acollida que impidan ou dificulten o seu desenvolvemento.
- Á existencia de familia de acollida ou residencia de estudantes e centro educativo que permita a súa admisión en condicións de igualdade.

A adquisición dos dereitos obtidos polos beneficiarios das bolsas queda condicionado ao sinalado neste apartado e no recolleito nas bases da convocatoria, sen que en ningún caso proceda indemnización de ningún tipo por parte do concello

A Coruña

8/2/2024

A concelleira titular da Área de Benestar Social, Eudoxia María Neira Fernández

2024/1184